



INSTITUTO GALEGO DE  
ESTADÍSTICA

# INFORME SOBRE O ÍNDICE DE COMERCIO POLO MIÚDO

Novembro 2017

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2017

Instituto Galego de Estatística  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>  
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

## Índice de comercio polo miúdo (ICM). Novembro 2017

- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos constantes aumenta en Galicia un 0,8% en novembro de 2017 con respecto ao mesmo período do ano anterior, taxa 2,1 puntos inferior á de España (2,9%).
- Por produtos, a Alimentación rexistra un incremento nas vendas do 1,3% e o Resto de produtos do 1,0%.
- En todas comunidades autónomas aumentan as vendas minoristas. Galicia é a comunidade con menor incremento.
- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes aumenta un 2,8% no mes de novembro de 2017 con respecto ao mesmo período do ano anterior, dous puntos menos que no conxunto de España (4,8%).
- O índice xeral de ocupación aumenta o 1,1% en Galicia e o 1,5% no conxunto do Estado.
- En todas as comunidades autónomas aumenta a ocupación no mes de novembro. Galicia ocupa a novena posición entre as comunidades con menor crecemento.

### Índices de comercio polo miúdo a prezos constantes. Novembro 2017

Taxa de variación do índice xeral sen estacións de servizo e achegas dos seus compoñentes	Índice	Variacións (%)		
		Interanual	No que vai de ano	
	<b>Xeral</b>	91,6	0,8	1,7
	<b>Xeral sen estacións de servizo</b>	90,0	0,9	1,4
	<b>Alimentación</b>	87,1	1,3	0,4
	<b>Resto</b>	91,3	1,0	2,6

Categoría	Interanual (%)	No que vai de ano (%)
Xeral	0,9	1,4
Xeral sen estacións de servizo	0,4	0,1
Alimentación	0,5	1,3
Resto	0,1	0,4

## 1. Índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes

O índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes rexistra un incremento do 0,8% no mes de novembro. A nivel nacional o índice rexistra unha taxa do 2,9%.


O índice xeral sen estacións de servizo crece o 0,9% respecto a novembro de 2016. Desagregando por produtos:

- A Alimentación aumenta as súas vendas un 1,3% e achega 0,4 puntos a taxa de variación do índice sen estacións de servizo. En España, as vendas na Alimentación aumentan un 2,1%.
- O Resto de produtos presenta unha taxa do 1,0% e achega 0,5 puntos á taxa de variación do índice xeral sen estacións de servizo. A nivel nacional as vendas aumentan o 4,1%.

No que vai de ano, as vendas incrementáronse un 1,7% en Galicia e un 1,1% en España. Desagregando por produtos, as vendas en Alimentación aumentaron máis en España (2,1%) que en Galicia (0,4%) mentres que no Resto creceron máis as vendas en Galicia (2,6%) que a nivel nacional (1,0%).

Se se eliminan os efectos estacionais e de calendario, o índice xeral presenta unha taxa de variación interanual do 0,9%.

O seguinte gráfico amosa a evolución da taxa de variación interanual do índice xeral do comercio minorista na serie orixinal e na serie corrixida de estacionalidade e calendario.




## 2. Índices por comunidades autónomas

Todas as comunidades autónomas aumentan as súas vendas en novembro. As taxas máis elevadas danse en Madrid (5,1%), Navarra (4,4%) e Illes Balears (4,0%).

Os menores incrementos rexístranse en Galicia (0,8%), País Vasco (1,0%) e Cantabria (1,1%).

### Índice xeral do comercio minorista a prezos constantes. Novembro 2017

#### Taxas de variación en %



No que vai de ano, Canarias (3,2%) e Illes Balears (2,9%) rexistran os maiores incrementos mentres que en dúas comunidades diminúen as vendas: Cataluña (-0,3%) e Extremadura (-0,2%).

## 3. Índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes

O Índice de comercio polo miúdo (ICM) a prezos correntes rexistra, no mes de novembro de 2017, un crecemento do 2,8% en Galicia, dous puntos inferior ao de España (4,8%).

O índice xeral sen estacións de servizo aumenta en Galicia un 2,1% e en España un 4,6%. Desagregando por produtos, en Galicia a Alimentación aumenta as vendas o 3,1%, 1,3 puntos menos que en España (4,4%). O Resto de produtos crece tres puntos menos en Galicia (1,7%) que no conxunto de España (4,7%).

No que vai de ano, o índice xeral aumenta un 4,3% en Galicia e o 3,6% en España. As vendas en Galicia incrementáronse na Alimentación un 1,8% e no Resto un 4,4%. No conxunto de España as vendas en Alimentación creceron un 3,4% e no Resto un 2,7%.

Índices de comercio polo miúdo. Novembro 2017				
Taxa de variación do índice xeral sen estacións de servizo e achegas dos seus compoñentes		Índice	Variacións (%)	
			Interanual	No que vai de ano
	<b>Xeral</b>	101,2	2,8	4,3
	<b>Xeral sen estacións de servizo</b>	99,5	2,1	3,4
	<b>Alimentación</b>	99,6	3,1	1,8
	<b>Resto</b>	99,0	1,7	4,4

Categoría	Interanual (%)	No que vai de ano (%)
Xeral	2,1	3,4
Alimentación	1,1	0,7
Resto	1,1	2,7

Se se eliminan os efectos estacionais e de calendario, o índice xeral presenta unha taxa de variación interanual do 2,8%.

#### 4. Índice de ocupación

O índice xeral de ocupación amosa un incremento interanual do 1,1% no mes de novembro en Galicia, inferior ao do conxunto de España (1,5%).

No que vai de ano, a ocupación crece o mesmo en Galicia que en España, 1,7%.

#### 5. Índices de ocupación por comunidades autónomas


A ocupación no comercio minorista aumenta en novembro en todas as comunidades autónomas.

Os maiores incrementos danse en Canarias (4,1%), Asturias (3,1%) e Murcia (3,0%). En senso contrario, Castilla - La Mancha (0,2%) e Cantabria e Castilla y León (ambas as dúas 0,3%) rexistran os menores crecementos.

No que vai de ano, os maiores crecementos danse en Canarias (4,9%) e Illes Balears (4,5%) e os menores en Castilla - La Mancha (0,6%) e Cantabria (0,8%).

## Índice xeral de ocupación. Novembro 2017

### Taxas de variación en %



### Notas metodolóxicas

Os índices de comercio polo miúdo son uns indicadores conxunturais que teñen por obxecto coñecer as características fundamentais das empresas dedicadas ao exercicio do comercio polo miúdo en España, e que permiten medir, a curto prazo, a evolución da actividade das empresas incluídas na sección G da CNAE-2009.

Os índices calcúlanse como un índice Laspeyres encadeado con ano base 2010 (encadeamento mensual no mes de decembro).

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes mostran a evolución das vendas do sector minorista unha vez eliminado o efecto que os prezos teñen sobre as ditas vendas.

Os deflatores que se utilizan nos distintos índices a nivel de comunidade autónoma son:

- Índice xeral de comercio minorista: IPC xeral sen servizos nin alquileres; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento
- Índice xeral sen estacións de servizo: IPC xeral sen servizos nin alquileres; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento; nin carburantes e lubricantes.
- Índice Alimentación: IPC alimentos, bebidas e tabaco.

- Índice Resto: IPC xeral sen alimentos, bebidas e tabaco; nin servizos nin alquileres; nin carburantes e lubricantes; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento.

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes obtéñense como cociente entre os índices de comercio polo miúdo a prezos correntes e o IPC<sup>1</sup>.

$${}_{10}I_{defl}^{m,t} = ({}_{10}I^{m,t} / {}_{10}IP^{m,t}) * 100$$

Onde

${}_{10}I_{defl}^{m,t}$  é o índice de comercio polo miúdo a prezos constantes do mes m do ano t

${}_{10}I^{m,t}$  é o índice de comercio polo miúdo a prezos correntes do mes m do ano t e

${}_{10}IP^{m,t}$  é o índice de prezos do mes m do ano t en base 2010

---

<sup>1</sup> Os índices de comercio polo miúdo están en base 2010, e o IPC en base 2016, polo que se calcula un índice de prezos en base 2010

## Anexo cadros

Cadro 1. Índices de comercio polo miúdo. Novembro 2017

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>						
<b>Xeral</b>	101,2	2,8	4,3	91,6	0,8	1,7
Xeral sen estacións de servizo	99,5	2,1	3,4	90,0	0,9	1,4
Alimentación	99,6	3,1	1,8	87,1	1,3	0,4
Resto	99,0	1,7	4,4	91,3	1,0	2,6
<b>España</b>						
<b>Xeral</b>	100,3	4,8	3,6	91,2	2,9	1,1
Xeral sen estacións de servizo	100,8	4,6	3,0	91,4	3,3	1,2
Alimentación	106,6	4,4	3,4	93,2	2,1	2,1
Resto	96,8	4,7	2,7	89,7	4,1	1,0

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

Cadro 2. Índices de comercio polo miúdo corrixidos de estacionalidade e calendario. Novembro 2017

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>						
<b>Xeral</b>	101,8	2,8	4,5	94,3	0,9	2,0
Xeral sen estacións de servizo	99,8	1,9	3,7	92,7	0,7	1,8
Alimentación	104,8	3,3	2,1	91,4	1,2	0,7
Resto	96,5	1,2	4,6	92,6	0,9	2,7
<b>España</b>						
<b>Xeral</b>	100,9	3,7	3,8	93,4	2,0	1,4
Xeral sen estacións de servizo	101,0	3,3	3,2	94,0	2,9	1,5
Alimentación	110,4	4,3	3,7	96,4	2,1	2,4
Resto	95,6	4,1	2,9	91,7	3,6	1,3

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE



Cadro 3. Índice xeral do comercio polo miúdo por comunidades autónomas. Novembro 2017

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>ESPAÑA</b>	<b>100,3</b>	<b>4,8</b>	<b>3,6</b>	<b>91,2</b>	<b>2,9</b>	<b>1,1</b>
Andalucía	96,4	4,8	3,7	87,6	2,8	1,3
Aragón	96,0	5,3	3,7	87,6	3,7	1,5
Asturias	90,8	5,0	3,1	82,7	3,5	0,9
Balears, Illes	111,7	6,2	5,4	101,1	4,0	2,9
Canarias	116,6	5,5	5,4	110,1	3,4	3,2
Cantabria	96,3	3,0	2,7	86,4	1,1	0,3
Castilla y León	96,7	5,0	3,5	87,6	3,0	0,9
Castilla-La Mancha	95,0	5,6	4,0	86,4	3,5	1,2
Cataluña	100,0	3,8	2,4	89,3	1,7	-0,3
Comunitat Valenciana	101,0	4,4	3,3	92,4	2,7	1,1
Extremadura	99,7	4,4	1,8	91,6	2,8	-0,2
<b>GALICIA</b>	<b>101,2</b>	<b>2,8</b>	<b>4,3</b>	<b>91,6</b>	<b>0,8</b>	<b>1,7</b>
Madrid	103,9	7,1	4,0	95,7	5,1	1,8
Murcia, Región de	92,8	4,6	3,3	84,5	3,4	1,3
Navarra	102,3	5,5	4,5	94,0	4,4	2,7
País Vasco	97,1	2,7	2,3	87,9	1,0	0,0
Rioja, La	100,8	5,7	5,3	90,5	3,7	2,6
Ceuta	100,5	1,8	1,1	94,3	0,4	-1,0
Melilla	99,1	1,0	0,4	93,1	-1,4	-2,1

Fonte: INE

Cadro 4. Índices de ocupación. Novembro 2017

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>			
Xeral	100,1	1,1	1,7
Xeral sen estacións de servizo	99,8	1,0	1,5
<b>España</b>			
Xeral	100,7	1,5	1,7
Xeral sen estacións de servizo	100,8	1,4	1,7

Fonte: INE

**Cadro 5. Índice xeral de ocupación por comunidades autónomas. Novembro 2017**

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>ESPAÑA</b>	<b>100,7</b>	<b>1,5</b>	<b>1,7</b>
Andalucía	95,2	0,5	1,0
Aragón	98,6	0,5	1,5
Asturias	96,8	3,1	2,8
Balears, Illes	109,5	2,3	4,5
Canarias	112,0	4,1	4,9
Cantabria	102,2	0,3	0,8
Castilla y León	99,8	0,3	1,2
Castilla-La Mancha	99,7	0,2	0,6
Cataluña	102,8	1,0	1,3
Comunitat Valenciana	104,2	2,2	2,1
Extremadura	102,4	1,7	1,8
<b>GALICIA</b>	<b>100,1</b>	<b>1,1</b>	<b>1,7</b>
Madrid	98,5	2,2	1,7
Murcia	97,9	3,0	2,5
Navarra	98,7	0,6	1,5
País Vasco	100,7	0,4	1,2
Rioja, La	103,7	2,5	2,1
Ceuta	104,7	2,7	1,3
Melilla	104,8	1,1	1,3

Fonte: INE